

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PADRÓN

Recoñecemento da dedicación exclusiva e parcial de diversos cargos

### ANUNCIO

#### RECOÑECEMENTO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL DE DIVERSOS CARGOS NO CONCELLO DE PADRÓN

Dando cumprimento ao Disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local faixe público que o Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión celebrada o sete de xullo de dous mil vinte e tres adoptou o seguinte acordo:

< **Primeiro:** O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para o Alcalde-Presidente e 3º Tenente de Alcalde, e da dedicación parcial para os seguintes cargos e para os/as concelleiros/as que ostentan delegacións específicas pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan a continuación, e fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

PERSOA TITULAR	CARGO	% DEDICACIÓN DA XORNADA	RETRIBUCIÓN BRUTAS/ANO
Anxo Rei Arca	Alcalde-Presidente, Axenda 2030; Información e Comunicación; Relacións Institucionais e cos Sectores Económicos; Seguridade Cidadá (Policía Local, Protección Civil, GES); Tráfico; Saúde Pública; Cultura e Casco Histórico.	EXCLUSIVA	43.500,00 €
María Jesús Campos Varela	1º Tenente de Alcalde, Economía e facenda, Persoal, Promoción do emprego e traballo, Comercio e turismo, Camiño de Santiago, Festexos.	75	32.625,00 €
Ana Belén Castro García	2º Tenente de Alcalde, Urbanismo, excluído casco histórico, vivenda e solo, Medio ambiente. Vías e obras, Abastecemento de auga potable e saneamento, Parques e xardíns, Limpeza viaria, Recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos.	80	34.800,00 €
José Luís Mariño Castro	3º Tenente de Alcalde, Deportes, Transición ecolóxica, Praza de abastos, mercado dominical e, en xeral, venda ambulante, Alumeado público, Xestión enerxética, Cemiterio, Benestar animal.	EXCLUSIVA	26.600,00 €
Laura Horta Ignacio	Dixitalización e modernización da administración local, Novas tecnoloxías, Formación, Política lingüística, Participación cidadá.	60	26.100,00 €
María de los Dolores Saco Vigo	Servizos sociais, Educación e ensino, Igualdade e muller, Relacións veciñais, Terceira idade, Xuventude e voluntariado.	60	26.100,00 €

**Segundo:** Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón:

- Don María Jesús Campos Varela: Traballadora por conta allea como operaria no sector da madeira.
- Dona Ana Belén Castro García: Traballadora por conta allea, no sector da administración pública. Persoal laboral fixo, Bombeira forestal, xefe de brigada da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Dona Laura Horta Ignacio: Traballadora por conta allea como consultora informática no sector das tecnoloxías da información e informática.
- Dona María de los Dolores Saco Vigo: Autónoma no sector téxtil.

**Terceiro:** Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde- Presidente e aos/ás concelleiros/as que ostentan delegacións específicas para os que se recoñece o réxime de dedicación exclusiva ou parcial, con efectos dende o seguinte día hábil ao de aceptación dos cargos, asumindo o Concello de Padrón o pago das cotas empresarias que correspondan.

**Cuarto:** De acordo co disposto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos unicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Quinto:** Publicar o acordo plenario integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello, ao abeiro do disposto no artigo 75.5 LBRL.

**Sexto:** Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Secretaría e Intervención Municipal. > >

Padrón, 07 de xullo do 2023.

O alcalde,

Asdo. Anxo Rei Arca.

2023/5612



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PADRÓN

*Nomeamento do persoal eventual no Concello de Padrón*

### ANUNCIO

#### NOEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL NO CONCELLO DE PADRÓN.

En cumprimento do Acordo Plenario do 07/07/2023 de organización da nova corporación, foi creado o seguinte posto de traballador persoal eventual.

**Primeiro:** A creación dunha praza de persoal eventual, denominada Asesor da Alcaldía, para que exerza as funcións de confianza e asesoramento nos servizos municipais e fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

PERSONA DESIGNADA	FUNCÍONS	% DEDICACIÓN DA XORNADA	RETRIBUCÍONS BRUTAS/ANO
Ana Isabel Rey Gómez	Xefatura de gabinete da Alcaldía, comunicación e protocolo. Apoio nas relacións institucionais e coordinación interdepartamental. Asesoramento en políticas de igualdade e xestión de fondos europeos.	EXCLUSIVA	26.000,00 €

**Segundo:** Que a citada praza se incorpore nos documentos da plantilla de persoal aos efectos procedentes durante o presente mandato.

**Terceiro:** O réxime xurídico do persoal eventual será o establecido no art. 12 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, séndolle aplicable no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira. O cesamento terá lugar automaticamente cando se produza o da autoridade á que se presta a función de confianza ou asesoramento e, en calquera caso, cando expire o mandato da Corporación. A condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.

**Cuarto:** O/A interesado/a deberá tomar posesión do posto de traballo no prazo dun mes desde a recepción desta notificación.

**Quinto:** Publíquese este nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, con especificación do réxime de retribucións e dedicación.

**Sexto:** Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Secretaría e Intervención Municipais.

Padrón, 07 de xullo do 2023.

O alcalde,

Asdo. Anxo Rei Arca.

2023/5614



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PADRÓN

*Modificación da dedicación parcial en exclusiva da 1º tenente de alcalde*

### MODIFICACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL EN EXCLUSIVA DA 1º TENENTE DE ALCALDE.

Dando cumprimento ao Disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local faixe público que o Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión celebrada o trinta de novembro de dous mil vinte e tres adoptou o seguinte acordo:

< < **Primeiro:** O recoñecemento e modificación da dedicación exclusiva para a 1º Tenente de Alcalde, establecida no seguinte senso:

Pasar do establecido no polo Pleno da Corporación o 07/07/2023,

PERSOA TITULAR	CARGO	% DEDICACIÓN DA XORNADA	RETRIBUCIÓNS BRUTAS/ANO
María Jesús Campos Varela	1º Tenente de Alcalde, Economía e facenda, Persoal, Promoción do emprego e traballo, Comercio e turismo, Camiño de Santiago, Festexos.	75	32.625,00 €

A dedicación exclusiva:

PERSOA TITULAR	CARGO	% DEDICACIÓN DA XORNADA	RETRIBUCIÓNS BRUTAS/ANO
María Jesús Campos Varela	1º Tenente de Alcalde, Economía e facenda, Persoal, Promoción do emprego e traballo, Comercio e turismo, Camiño de Santiago, Festexos.	EXCLUSIVA	32.625,00 €

**Segundo:** Notificar no Réxime Xeral da Seguridade Social a modificación do réxime de dedicación pasando de parcial ao 75% a exclusiva da 1º Tenente de Alcalde, con efectos dende o seguinte día hábil ao de aceptación da modificación do réxime de adicación no cargo.

**Cuarto:** De acordo co disposto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos unicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Quinto:** Publicar o acordo plenario integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello, ao abeiro do disposto no artigo 75.5 LBRL.

**Sexto:** Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Secretaría e Intervención Municipais.> >

Padrón, 01 de decembro de 2023

O Alcalde

Asdo. Anxo Rei Arca

2023/9547